

## **Acta da Asemblea Xeral da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración 25 de outubro de 2014**

Salón de actos do Centro Cultural Afundación, Santiago de Compostela

Dá comezo a Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, en segunda convocatoria, ás 17:30, presidida pola presidenta da asociación, Marina Seoane Pascual, que abre a sesión. Na sala está presente aproximadamente un terzo dos socios.

Procédese a seguir a orde do día.

### **• LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR**

A acta da asemblea xeral de outubro de 2013 queda aprobada por unanimidade.

### **• INFORME ECONÓMICO E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DAS CONTAS DE 2013**

#### **Ingresos: 19.603,36 euros**

Deles, 17.871,69 veñen das cotas de socio; 677,53 de facturacións (principalmente das inscricións do curso de entintado dixital); e 1001,25 do pagamento da subvención Deputación ano 2012.

#### **Gastos: 26.607,26 euros.**

Deles, 11.826,30 son de servizos profesionais (secretaría técnica, profesorado cursos e relatorios encontro, revisión portafolios, etc.); 5.514,96 do aluguer do local; 9.266,00 doutros servizos (xestoría, xantar do Encontro, viaxes de convidados, teléfono e internet da sede, electricidade, taxas bancarias, dietas, etc.).

Despois de impostos, os resultados dan unha **perda de 7003,90 euros**. Hai que ter en mente que isto non significa que haxa débedas: simplemente que houbo máis gastos que ingresos, pero a asociación dispón de diñeiro na conta e pode facer uso del para ofrecer actividades e servizos aos seus socios; ao contrario que unha empresa, o obxectivo dunha asociación non é gañar diñeiro, senón en todo caso xestionalo da mellor maneira posible.

Na conta, comezamos o ano con **16.356,90 euros** e acabámolo con **11.711,83 euros**: a diferenza é menor que a perda contabilizada, porque os datos do primeiro e último día do ano non reflicten exactamente todos os movementos contables do ano (hai movementos bancarios que se fan antes ou despois desas datas).

A causa das perdas está, como se comentou na anterior asemblea, na diminución dos ingresos por subvencións e por actividades de pagamento (nesta ocasión, o curso custou algo máis que o que se obtivo polas inscricións dos participantes, por exemplo, e a que se aumentou o número de actividades, a conta do investimento da asociación.

As contas de 2013 quedan aprobadas pola asemblea.

### **• PREVISIÓNS DE TESOURERÍA PARA O ANO EN CURSO**

Os gastos correntes por cada trimestre roldan os 3000 euros, e os ingresos por cotas, arredor dos 4250. O nivel de actividades desenvolvidas pola asociación este ano 2014 é semellante ao do ano 2013, co engadido do investimento na edición do caderno AGPI, pero tamén **coa previsión de ingreso**, polas subvencións da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia, de 1.987,50 e 6.000 euros, respectivamente, que suman **7.987,50 euros**. Está solicitado o pagamento dun adianto de 3800 euros da cantidade achega pola Xunta, para facer fronte aos gastos derivados dos proxectos presentados.

Dado que na conta hai nestes momentos 11.218,51 euros, as previsións son acabar o ano sen perdas, aínda que os datos exactos non se saberán ata finalizado o exercicio. Para axustar mellor os gastos de cara a 2015, desde a secretaría técnica propónse que se faga un estudo das contas no primeiro semestre, tan axiña como a xestoría poida entregar a documentación relativa ao ano 2104, e poder analizar así se son necesarios ou non axustes sobre o tipo de gastos que se están a realizar.

A previsión de gastos queda aprobada pola asemblea.

## • REPASO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NO EXERCICIO 2013-2014

### — ACTIVIDADES PARA OS SOCIOS E ACTIVIDADES PÚBLICAS

**Xestión de descontos con tendas:** actualmente, asinados convenios de desconto con 20 tendas de toda Galicia (A Coruña, Lugo, Santiago, Ourense, Pontevedra e Vigo) e mais un tenda online e unha plataforma de xestión de portafolios online.

#### **Outros descontos puntuais para socios:**

- Curso online Aprende a crear un cuento ilustrado como App para iPad (APIC)
- Curso online de Marketing en internet para ilustradores (APIC)
- Curso presencial de Ilustrando Dudas «Soy ilustrador, ¿y ahora qué?» (A Coruña e Vigo)
- Curso online de Autoedición para e-book (Plataforma/C)
- Festival ÑAM de Cómic e Novela Gráfica, Palencia (i con i)

**Servizos de asesoría:** a través do grupo de correo e a través de email, respóndese ás dúbidas de tipo legal ou fiscal. En caso de non contar con documentación adecuada, o caso transmítese á asesoría legal (primeiro, Servicio Asesorate de Vegap, e tras a súa desaparición para non socios da Vegap, desde marzo, coa avogada especializada Mariona Sardà (desde novembro, catro usos do servizo externo de asesoría fiscal e un uso do servizo externo de asesoría legal).

**26 de outubro de 2013:** X Encontro Galego de Ilustración e festa 10.º aniversario do Encontro.

**23-26 de novembro de 2013:** presenza da AGPI no MICAtlántica (Hugo Covelo e Quico [F. Pérez Villanueva])

**17 de decembro de 2013:** presenza da AGPI no Salón del Libro Infantil y Juvenil de Madrid (con motivo do Día de Galicia): Manuel Bragado, Xosé Cobas, Xan López Domínguez e Marina Seoane faláron sobre ilustración galega, con proxección de imaxes de autores galegos. Centro Conde Duque, Madrid.

**30 de xaneiro de 2014:** participación no Día da Ilustración organizando a mesa redonda oficial, titulada «A ilustración gráfica hoxe en Galicia», coa intervención de Marina Seoane, Almudena Aparicio e Manuel Uhía, moderados por Henrique Torreiro. O acto foi presentado polo conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, e contou tamén coa presenza do secretario xeral de Cultura, na Biblioteca Pública Nodal de Pontevedra. Comunicado público da AGPI con ocasión do día, celebrándoo pero tamén lanzando un aviso sobre as dificultades ás que se enfrenta a profesión.

**14 de marzo – 5 de abril de 2014:** colaboración co Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra coa iniciativa «Almorzos ilustrados» (manteis ilustrados por tres socios da Agpi, escollidos pola organización e remunerados).

**24-27 de marzo de 2014:** presenza da AGPI no stand institucional galego na Feira de Boloña, con mostra de libros de ilustradores membros da asociación e proxección continuada de ilustracións de socios, con folleto con contactos de todos eles.

**4 de abril de 2014:** comezo da organización dos «Drink & Draw Vigo» (en outubro chegaron á 6.ª edición).

**23 de abril de 2014:** a AGPI formou parte da constitución do Foro Reimprímete (formado por vinte organizacións en defensa do libro impreso: Clúster do Produto Gráfico, Asociación Galega de Editores, Gálix, Asociación de Escritores en Lingua Galega, Asociación Galega de Deseñadores, Colexio de Xornalistas de Galicia etc.).

**30-31 de maio de 2014:** colaboración nos dous cursos exprés «Soy ilustrador, ¿y ahora qué?» de Ilustrando Dudas, en Vigo e A Coruña, e organización IlustraNoites ao final de cada un.

**7 de xuño de 2014:** organización do II Debate sobre o Estado da Ilustración, con Patricia Castelao, Leandro, Santy Gutiérrez e Dani Padrón, moderados por Manel Cráneo. O debate disponibilizouse ao completo en vídeo en internet.

**20 de xuño de 2014:** organización do primeiro Combate de Debuxantes de Vigo.

**1-10 de agosto de 2014:** stand da AGPI na feira do festival Viñetas desde o Atlántico da Coruña, con material editado pola asociación e por varios dos socios. Organización de actividades paralelas:

— 8 e 9 de agosto 2014: Autobán (con mesas redondas, feira de autoedición, Combate de Debuxantes e Ilustranoite).

— 10 de agosto 2014: sesión de revisión gratuita de portafolios, con Jano e Marcos Martín.

**8-12 de outubro de 2014:** presenza da AGPI no stand institucional galego na Feira de Frankfurt, con mostra de libros de ilustradores membros da asociación e proxección continuada de ilustracións de socios, con folleto con contactos de todos eles. Ademais, organización do obradoiro de ilustración «Libros, palabras e imaxes: The Galician Connection», impartido por Xosé Tomás.

**24 de outubro de 2014:** Clase maxistral de Ajubel, Santiago de Compostela.

**25 de outubro de 2014:** XI Encontro Galego de Ilustración

#### **Actividade en liña:**

**Perfil de Facebook:** 5.000 amigos (este ano chegouse ao tope permitido por Facebook); páxina en Facebook: 1.504 «gústame» (23/10/2014)

**Perfil de Twitter:** 249 seguidores (23/10/2014).

#### **Web agpi.es:**

— actualización semanal da axenda interna con convocatorias, concursos, cursos e eventos.

— actualización semanal da sección de noticias (unha media de 2-3 noticias á semana). Desde o 30/10/2013, 118 noticias publicadas (despois referenciadas nos perfís de Facebook e Twitter).

— continuación do proceso de renovación e actualización dos contidos da web: seccións como a Axenda (externa), Que é a AGPI, Ligazóns ou Contacto, e algúns contidos internos.

**Decembro de 2013:** lanzamento do boletín mensual *Axenda AGPI*, cos contidos da axenda. Ata o momento, 11 números.

**Web Fadip.org:** como parte dos compromisos da AGPI coa Federación, a AGPI é a encargada desde hai dous anos de actualizar a súa web con noticias relativas, principalmente, a todas as asociacións federadas. Desde o 2/10/2014, 36 noticias publicadas (unha media de 1-2 noticias cada quincena).

## — ACTUACIÓNS PERANTE A ADMINISTRACIÓN E OUTROS ORGANISMOS

### **Petición de subvencións:**

- Consellería de Cultura Xunta de Galicia: convenio asinado para os proxectos Encontro Galego de Ilustración e «Caderno AGPI»: 6000 euros.
- Deputación da Coruña: petición de axuda para as actividades do ano. Concedidos: 1987,50 euros.

**1 de outubro de 2014:** presenza de representación da AGPI no xurado do Premio Nacional de Ilustración (Ministerio de Cultura). Representante: Marina Seoane. A asociación estivo representada tamén a través da FADIP, que enviou a Enrique Flores.

### **• PROPOSTA DE ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS PARA 2014-2015**

- Preparar unha enquisa para os membros da asociación, de forma que se poidan coñecer as súas inquietudes e saber mellor os pasos a tomar pola directiva.
  - Día da Ilustración 2014: actividades en colaboración coa Xunta e en solitario (en The Room, A Coruña).
  - Participación no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra
  - Participación na Feira de Boloña (presenza no stand da Xunta)
  - Participación na Feira de Frankfurt (presenza no stand da Xunta)
  - Tentar estender as actividades Drink and Draw a outras cidades (á parte de A Coruña e Vigo).
  - Recuperar o boletín electrónico de noticias
  - Poñer en marcha a campaña de boas prácticas (*antispec*)
  - Uso do local da AGPI para 'coworking' de socios, a prezo especial.
  - Posibilidade de recuperar o boletín *Agpirina*.
- Premios AGPI
- Cursos en Vigo ou Pontevedra (Casa das Campás)
  - Novo catálogo AGPI. Posible exposición colectiva itinerante dos socios, posible colaboración co Museo do Humor de Fene.
  - Analizar a posibilidade do establecemento duns premios de ilustración, tomando como modelo os Premios Junceda da APIC.

Suscítase o tema da necesidade de reforzar a directiva con novos membros, con explícita petición de incorporación de veteranos que acheguen a súa experiencia.

Finalmente, anuncian publicamente a súa incorporación á directiva Nuria Díaz, Ale Díaz Bouza, Ana del Valle, Víctor Rivas, Marcos Viso, Miguel Peralta (Cestola na Cachola) e Irene Sanjuán.

Fálase sobre a necesidade de maior peso das actividades reivindicativas, como campañas, mesmo en colaboración con outros colectivos, aínda que se conclúe que é mellor buscar apoio de terceiros a posteriori, unha vez definida cada campaña. Coméntase que o ideal é enfocalas á praxe individual de cada ilustrador: campañas de difusión sobre a profesión e a dignidade do ilustrador. Non obstante, tamén se fai notar que ditas campañas deberían ir dirixidas aos empresarios, e non á sociedade en xeral.

En cuestións prácticas de organización, fálase da posibilidade de crear un grupo privado en Facebook para socios, xa que a algúns lles resultaría máis práctico que o grupo de correo actual. Aínda que se comenta a dificultade para xestionalo e expóñense dúbidas sobre a practicidade real, Víctor Rivas ofrécese a xestionar un grupo para a directiva.

A presidenta expón os problemas polos que está a pasar FADIP, practicamente inactiva e agora sen secretaria técnica. Estase á busca dunha solución para manter ao día os papeis da Federación a través dunha xestoría.

### **• ROGOS E PREGUNTAS**

Lémbrese aos presentes que está aberto o prazo para presentar á Vegap, entidade de xestión dos artistas plásticos, os formularios para reclamar o pagamento da compensación por dereito de reprodución, que legalmente xestiona para todos os artistas visuais, entre eles ilustradores, sexan ou non socios da entidade.

Sen máis cuestións que tratar, péchase a sesión ás 19:30.